

VIII Xornada Científica:
Terapia Celular e Medicina Rexenerativa
A Coruña, 18 de xuño de 2015
Paraninfo da UDC

Procedemento e criterios de selección dos participantes na xornada.

As oito edicións realizadas ata o de agora da **Xornada Científica en Terapia Celular e Medicina Rexenerativa** se configuraron determinando previamente os criterios de participación dos poñentes.

Dado que esta actividade é promovida desde a UDC (a través do Grupo de Investigación en Terapia Celular e Medicina Rexenerativa da UDC) e o Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC, a través da dirección científica e da liña de Bioenxeñería Tisular e Terapia Celular do Grupo de Reumatoloxía-GBTTC-CHUAC), na definición destes criterios interveñen sempre o Director Científico do INIBIC, o coordinador do Grupo de Investigación da UDC, o coordinador do Grupo GBTTC-CHUAC e os investigadores organizadores de cada xornada.

Unha vez definidos estes criterios, procederá a invitar a grupos de investigación, empresas ou outro tipo de participantes, sempre coa condición de que reúnan unha acreditada experiencia e relevancia no seu ámbito.

Criterios de configuración do programa

Para a configuración do programa da **VIII Xornada Científica en Terapia Celular e Medicina Rexenerativa**, seguiranse os seguintes criterios:

1. Participación de, cando menos, tres representantes de grupos de investigación relevantes no ámbito da investigación en Terapia Celular e Medicina Rexenerativa, preferentemente pertencentes a centros/entidades/institucións de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste criterio, darase preferencia a grupos de investigación que pertencen a supraestruturas nas que participan os grupos de investigación do INIBIC, como o Centro de Investigación Biomédica en Rede Bioenxeñería, Biomateriais e Nanomedicina (CIBER-BBN) do ISCIII, ou Redes Autonómicas financiadas pola Xunta de Galicia (Rede Galega de Investigación en Células Nai e Terapia Celular, Rede Galega de Biomateriais, Rede Galega de Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos, etc.) e, como ven sendo habitual nas últimas edicións desta Xornada, a representación dun grupo de investigación internacional con elevado recoñecemento en materias de terapia celular e medicina rexenerativa.

2. Participación de, cando menos, un representante dunha empresa farmacéutica relacionada coa investigación de aplicacións da terapia celular e medicina rexenerativa no tratamento de enfermidades.
3. Participación de, cando menos, un novo científico con produtos innovadores aplicados actualmente no mercado ou que estea asociado a creación de novas empresas no ámbito da aplicación da terapia celular e medicina rexenerativa. Este criterio rexese de acordo con os principios do forum de novos investigadores en biomateriais, avalado pola sociedade europea de biomateriais.
4. Participación de profesionais no ámbito da comunicación científica no eido da terapia celular e medicina rexenerativa.

A Coruña, a 27 de abril de 2015